

**ANUNCIO****ASUNTO:** RESOLUCIÓN – LIMITACIÓN DA ASISTENCIA ÁS SESIÓNS PLENARIAS

En data 7 de outubro de 2025 dítase resolución da Alcaldía no expediente electrónico 5143/1101 de limitación da asistencia ás sesións plenarias, en base aos feitos acontecidos no Pleno Ordinario do 29 de setembro de 2025.

Na parte dispositiva da resolución se establece:

"Primeiro.- Limitar a asistencia as sesións do Pleno do Concello polo prazo de dous meses contados dende a data da sinatura desta resolución ás seguintes persoas identificadas no parte de servizo da Policía Local citado no antecedente segundo e polos motivos no mesmo recollidos.

- Sr. Rodríguez Bravo; DNI ***5242**

Segundo.- Notificar aos interesados e publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e sede electrónica do Concello.

Terceiro.- Contra esta resolución e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución á Xefatura da Policía Local do Concello de Vigo para a efectividade da mesma."

O que se fai público aos efectos oportunos.

Data da sinatura dixital

O Secretario Xeral do Pleno

José Villán Fuertes

CONCELLO DE VIGO. Praza do Rei nº 1. 36202 VIGO (PONTEVEDRA)

- 1 -



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/10/2025 13:57	Páxina 1 de 1
3300-232	CSV: A5A1DF-AFE338-A55AC1-1TDUKP-BJDUE8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		